



14.07.08. NOTA DE PRENSA DO COLECTIVO DE AFECTADOS POLA ELECTROCONTAMINACIÓN DE SANTA LUCÍA (MORAÑA)

O VALEDOR DO POBO SEGUE REQUERINDO AO CONCELLO DE MORAÑA SOBRE A FALTA DE LICENZAS DAS ANTENAS DE TELEFONÍA MÓBIL DE SANTA LUCÍA.

O colectivo de afectados pola electrocontaminación de Santa Lucía de Moraña acaban de recibir nova comunicación do Valedor do Pobo na que constata que a documentación recibida ata agora polo Concello de Moaña sobre as antenas base de telefonía móbil son insuficientes e que en todo caso no constata a tramitación das **Licenzas de “actividade”** e de **“funcionamento”**, competencia de obrigado cumprimento polo Concello. Ante esta situación, o Valedor diríxese de novo ao Concello de Moraña “co fin de requirir con urxencia se facilite información sobre dito extremo en concreto sobre se as antenas constan de licenza de actividade e funcionamento acorde co RAMINP (Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas) incluíndo a comprobación do artigo 34 deste regulamento (informe técnico sobre natureza do dano que poida causarse) e as demais circunstancias que se consideren relevantes para a completa valoración do obxecto da queixa”, coma a obrigada información aos veciños e a súa potestade para presentar alegacións antes da súa concesión.

Ao mesmo tempo, o colectivo de afectados constatan que en ningún caso o Servizo de Epidemioloxía da Dirección Xeral de Saúde Pública realizou ningún estudo sobre o cluster (acumulación de casos de enfermidades) de Santa Lucía que segue a requirir dito colectivo, senón que só achegou datos epidemiolóxicos a nivel autonómico, provincial e municipal que (tal e como posteriormente recoñeceron nunha entrevista cos afectados desde o propio Servizo de Epidemioloxía) en ningún caso poden dar constancia da existencia ou non de devandito cluster.